

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO

CONCELLO O DÍA 15 DE XUÑO DE 2004

CONCORRENTES

Presidente:

Don Juan Antonio Maceiras Barros (CIM)

Concelleiros

Don Antonio Cortizas Rodríguez (PSOE)

Don Juan José Herva Mallo (PP)

Don José María Laya Carril (CIM)

Dona María Rosario Manso López (CIM)

Don Antonio Medín Pena (PP)

Don José Paz Tenreiro (PP)

Don Manuel José Pérez Martínez (PP)

Don Luis Purriños Pena (CIM)

Don José Manuel Rodríguez Vidal (CIM)

Don Jesús Veiga Sabín (PP)

Dona Eva María Vilariño González (CIM)

Interventora:

Dona Marta roca Naveira

Secretario:

Don Francisco Mateos Sastre

No salón de sesións da Casa do Concello de Miño, ás vinte horas e dez minutos do día quince de xuño de dous mil catro, logo da convocatoria para o efecto en legal forma, reúnese o Pleno deste Concello, en sesión pública ordinaria.

Preside o Sr. alcalde titular don Juan Antonio Maceiras Barros e asisten a totalidade dos concelleiros que de feito e dereito compoñen a Corporación: don José María Laya Carril; don José Manuel Rodríguez Vidal; don Luis Purriños Pena; dona Eva María Vilariño González; dona María Rosario Manso López; don Jesús Veiga Sabín; don Juan José Herva Mallo; don José Paz Tenreiro; don Manuel José Pérez Martínez; don Antonio Medín Pena; e don Antonio Cortizas Rodríguez.

Non asiste o concelleiro don Miguel Anxo Abreira Sobrado.

Está presenta a interventora municipal dona Marta Roca Naveira.

Dá fe do acto, o secretario titular don Francisco Mateos Sastre.

1.- ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- Aberta a sesión pola Presidencia, e non observacións, a acta da sesión anterior, correspondente ó día 19 de maio de 2004, queda aprobada por unanimidade.

2.- RESOLUCIÓNS E DECRETOS DESDE A DERRADEIRA SESIÓN ORDINARIA.- Dáse conta e quedan informados, das resolucións dictadas pola Alcaldía desde a derradeira sesión ordinaria núms. 140/04 a 201/04 ambas inclusive e decretos de ordenación de gastos núm. 3/04 a 11/04, relativas a inscricións no rexistro municipal de asociacións; anular recibos taxas; requirimento limpeza predios; desestimar alegacións que presente don Fernando Garcia Bao e ordenar demolición obras; suspender obras por infracción urbanística e incoar expedientes de reposición de legalidade; estimar parcialmente recurso de dona Carmen Anido; aprobación de facturas; aprobar prego condicións e convocar concurso adxudicación caseta na praia Pequena; iniciar tramitación para adxudicación subministración dunha carpa; sancións de tráfico, incoar expediente de reposición da legalidade urbanística; aprobar lista definitiva admitidos e excluídos no proceso selectivo para cubrir a praza de arquitecto municipal; contratar laboralmente a tempo parcial a Josefa Castiñeira como auxiliar de axuda a domicilio; nomear xurado cualificador XIV certame de debuxos; requirir a José Vázquez para que deixe unha edificación en condicións de seguridade, salubridade e ornato público en Viadeiro; nomear xurado cualificador I Festival de las Mariñas; aprobar expediente contratación e adxudicar obra en Callobre; adxudicar a subministración dunha carpa a Aluminios Noguerol en 44.300,00 euros; adxudicar alumeadado público en Fontela e A Ponte do Porco a Obras y Cauces S.L. no prezo de

59.683,75 euros; contratar arquitecto municipal con duración determinada por interinidad; nomear a auxiliar para substitución do secretario en expediente no que se abstuvo; autorizar Festas en Vilanova; aprobar facturas; requirir limpeza predios; aprobar proxecto técnico obras e que se proceda á súa contratación; aprobar liquidación de Auna Telecomunicaciones S.A.; anular recibos de taxas por erros; autorizar á Dirección Xeral do Centro de Desenvolvemento Sostible a utilización documentos elaborados; contratar dous peóns para obras; e dous capataces; presentar oferta de emprego a través Servicio Galego de Colocación; dispón que as funcións de Secretaría se realicen na planta baixa, despacho denominado "Sala de Xuntas"; requirir ao Secretario para que no expediente expropiatorio do sector residencial-deportivo Perbes-Vilanova, se dea traslado dos recursos á beneficiaria da expropiación para que no prazo de quince días efectúe as alegacións que estime procedentes; cesar o terceiro tenente de alcalde e nomear para o seu cargo á concelleira dona María Rosario Manso López; anular recibos taxas de recollida de lixos; que informe o técnico e o Secretario sobre doazón de bens ao Concello; aprobación gastos; aprobación liquidación Auna 1º trimestre 2004; resolver discrepancia formulada pola Intervención deixando sen efecto a suspensión de tramitación do expediente; acoller recurso e adiar traslado despacho secretaría ata o 15 de xuño; oferta de emprego a través do servizo galego de colocación; autorizar festas populares en Bemantes; dispoñer suspensión de obras a Josefina Abeledo Roca e incoar expediente de reposición da legalidade; autorizar gastos; aprobar facturas.

3.- CONVENIO CON ASPACE.- Visto o convenio a asinar entre a Asociación de Padres de Personas con Parálisis Cerebral de A Coruña (ASPACE) e este Concello de Miño, polo cal ASPACE, a través do seu Centro de Asistencia e Educación Especial, prestará servizos aos afectados de parálise cerebral con residencia no Municipio de Miño e o Concello financiará a Asociación cunha contía de 1000,00 euros anuais. Vista a proposta favorable da Comisión Informativa, o Pleno do Concello acorda por unanimidade a aprobación deste convenio e que se proceda á firma deste.

4.- UTILIZACIÓN DUN LOCAL LIBRE NO MERCADO MUNICIPAL PARA INSTALAR LAVANDERÍA.- Dáse lectura á seguinte proposta da Comisión Informativa de Asuntos Xerais: Hai varios locais libres no Mercado municipal de Miño, que non teñen aceptación e non se utilizan para os fins do mercado municipal de Miño; estimando que no Concello podería instalar nun deles unha lavandería para dar este servizo a familias necesitadas; co voto en contra dos cinco membros do PP. 1 abstención do PSOE e o voto favorable dos seis membros da CIM, o Pleno do Concello acorda dar o destino de lavandería a un dos locais do Mercado municipal.

5.- MESA CONTRATACIÓN CON CARÁCTER PERMANENTE.- Dáse lectura á seguinte proposta: Proponse que o Pleno do Concello aprobe a modificación da composición da mesa de contratación do Concello, como consecuencia das eleccións locais que quedaría configurada na seguinte forma:

Presidente: D. Juan Antonio Maceiras Barros, alcalde-presidente.

Vocais:

Dª Eva-María Vilariño González, tenente de alcalde do Concello.

D. Francisco Mateos Sastre, secretario titular do Concello.

Dª Marta Roca Naveira, interventora municipal de Miño.

D. Ignacio Pedrosa Pérez, arquitecto do Concello.

Secretario:

D. Emilio Cainzos Quintas, funcionario do concello.

Os grupos da oposición piden que este asunto queda sobre a mesa, xa que ao seu xuízo deben estar todos eles representados na mesa de contratación. A Presidencia sinala que a transparencia está garantida cos funcionarios que forman

parte da mesma mesa e o señor Veiga indica que seu grupo, o PP, vai a votar en contra; a Presidencia manifesta que van votar a favor e somete a proposta a votación, facendo a favor, o seis membros da CIM e en contra os cinco membros do PP e o concelleiro representante do PSOE, que suman seis votos, polo que ao producirse empate, se repite a votación co mesmo resultado, decidindo a Presidencia co seu voto de calidade.

6.- DESAFECTACIÓN ESCOLAR DE GALLAMONDE.- As escolas de Gallamonde nesta localidade de Miño deixaron de utilizarse desde fai tempo como tales, ao poñerse en funcionamento a Agrupación Escolar Castro Baixoi de Miño.

Este edificio das escolas de Gallamonde pode destinarse a outros fines de interese municipal ou actividades culturais de asociacións, polo que procede solicitar a súa desafectación como escolas, xa que na actualidade non se destinan a este fin.

Á proposta da Comisión Informativa correspondente, o Pleno do Concello acorda por unanimidade solicitar da Delegación Provincial de Educación, a desafectación como escolas dos edificios situados en Gallamonde, para destinalos a outros fins de interese xeral.

7.- ACEPTACIÓN DOAZÓN DE PREDIO.- Examinado o procedemento incoado para a aceptación da doazón dun predio, condicionada a que non se lle dea outra utilidade que a que ten na actualidade, e se faga cargo o Concello da reparación e mantemento da capela e do predio que ofrece DONA MARIA DEL ROSARIO MIGUEZ URBIETA.

Estando conforme o procedemento en base ao que dispón os artigos 273 da Lei 5/97 de Administración local de Galicia, 9 e 12.2 do Regulamento de bens das entidades locais e de conformidade coa proposta da Comisión Informativa de Asuntos Xerais; o Pleno do Concello acorda por unanimidade:

1º.- Aceptar a doazón que fai a neste Concello, a veciña de Bra, 2-Miño, DONA MARIA ROSARIO MIGUEZ URBIETA, dun predio de 1.274 m2. de superficie, no lugar do Campo de San Ramón, denominado tamén Lodeiro deste termo municipal de Miño (A Coruña), cunha capela no seu interior; a dita capela componse de parede de cachotería cuberta de tella sobre madeira, cunha soa porta ao oeste, en estado de segunda vida, na que existen as imaxes de Santo Tomé, San Ramón e a Virxe Limpa entre outras, e que linda ao norte con labradío de Antonio Valiño, ao sur con labradío de María Allegue e María García, ao leste herdeiros de Andrés Nieto e oeste herdeiros de Jose Fernández Varela e Andres Nieto.

Esta doazón condiciónase a que non se lle dea outra utilidade ao predio e capela, que na que teñen na actualidade e que se faga cargo o Concello da súa reparación e mantemento, todo isto valorado segundo o arquitecto municipal en 3.000,00 euros.

2º.- Facultar o señor alcalde-presidente do Concello, para que en nome e representación deste, subscriba a firma da escritura pública correspondente.

8.- CONCURSO PARA ADXUDICAR O SERVIZO DE CAFÉ-BAR RESTAURANTE DO LOCAL NOS ACCESOS Á PRAIA PEQUENA.- De conformidade coa proposta da comisión informativa correspondente, o Pleno do Concello acorda por unanimidade sacar a concurso a adxudicación do local situado nos accesos á praia Pequena para café-bar-restaurant, cun canón mínimo de adxudicación de 90 euros mensuais e duración de dez anos, prorrogable por períodos dun ano ata o límite máximo permitido pola lei e que se redactase o prego de condicións.

9.- AUMENTO CONCESIÓN DO APROVEITAMENTO DE AUGAS.- A concesión que ten actualmente este Concello de aproveitamento dun caudal de 30 l/s de auga pública superficiais do río Lambre, é claramente insuficiente para o consumo

actual e moito menos para o futuro, se temos en conta a posible construción dunha urbanización con 1.270 vivendas e servizos, ademais dun campo de golf en Perbes-Vilanova.

De conformidade coa proposta da comisión informativa correspondente, o Pleno do Concello acorda por unanimidade solicitar o aumento da concesión a 70 l/s, das augas superficiais do río Lambre, con destino á ampliación do abastecemento de auga potable en todo municipio de Miño.

O concelleiro representante do PSG-PSOE señor Cortizas Rodríguez expresa a súa felicitación por este acordo, e o señor Veiga do PP critica o atraso en adoptar decisións e acordos importantes para os veciños e a falta de previsión. O presidente contesta que teñen un plan de choque para paliar a situación que explicarán en comisión. Estamos tendo información diaria dos niveis dos depósitos, publicaremos, se é necesario, algún bando prohibindo a rega e o recheo de piscinas; o ano pasado collemos auga de Vilarmador e este pode que teñamos que utilizar algúns camiós cisterna, o cal terá un custo; continúa sinalando que vai explicarlle quen tivo previsión e quen non; en agosto de 2001, a empresa concesionaria do servizo Espina e Delfín comunicáballe ao Concello que desde que esta empresa é concesionaria do servizo, ano tras ano vimos tendo problemas polo excesivo consumo de auga durante o verán, e a solución está en substituír o tubo da captación para que entre máis auga na estación depuradora, desde entón, xa choveu; a Corporación tivo tempo de solucionar o problema; este grupo de goberno solicitou a FADESA que executase as obras de ampliación da captación de auga, ao que está obrigado como adxudicatario do desenvolvemento do sector Perbes-Vilanova, e non quixo facelo, nosoutros non imos supeditar esta autorización á aprobación do proxecto de urbanización do citado sector.

Replica o señor Veiga Sabín manifestando: quero recordarlle que gobernando o PP, non houbo nunca ningún corte de auga e desde que vostedes goberna, os cortes de augas no verán sucédense. O concelleiro señor Herva Mallo indica que FADESA tiña un compromiso; a Presidencia indícalle que non ten a palabra, replicando o señor Herva non me deixa falar. A Alcaldía manifesta que este problema xa puideron solucionalo en 1.997, pero ampliaron o contrato da concesión da auga e co diñeiro que se lles entregou fixeron política e agora nosoutros imos facer un plan que solucione o problema, continúa, que o Pleno non pode ser unha asemblea de veciños e non lle dou a palabra ao señor Herva, non poden vir rebentar plenos.

Sometida a votación a proposta presentada, foi aprobada por unanimidade.

10.- REXISTRO MUNICIPAL DE UNIÓN LIBRES NON MATRIMONIAIS.- O portavoz do PSG-PSOE señor Cortizas Rodríguez, dá lectura ao seguinte escrito: "Don Antonio Cortizas Rodríguez, na súa condición de Voceiro do Grupo Municipal Socialista no Concello de Miño, e ao abeiro do disposto nos artigos 91.4 e 97 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais presenta á consideración do Pleno da Corporación a seguinte:

MOCIÓN

TENDO EN CONTA, o importante incremento de unións libres ou non matrimoniais e para que o libre desenvolvemento da personalidade e da igualdade ante a lei, que constitúen principios fundamentais do ordenamento xurídico e social, demandan de tódolos poderes públicos a promoción das condicións para que esta liberdade e igualdade dos cidadáns e dos grupos en que se integran, sexan reais e efectivas, debendo eliminarse os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude (Artigos 1.1, 9.2, 10.1 e 14 da Constitución).

A realidade lexislativa presenta una lagoa no tratamento destas unións libres, e so no terreo das pensións de viudedade para os suposto de unións non matrimoniais heterosexuais foron dados algúns pasos, e incluso en outros supostos a lexislación equiparou ó conxugue a "análoga relación de efectividade" (Artigos 23 e 454 do

Código Penal, artigo 101 do Código Civil, etc). Estes preceptos son feitos das parellas de homosexuais ó matrimonio, indicativos de que as relacións permanente de afectividade análogas a matrimonial comezan a ser atendidas en determinados e peculiares casos, e dotadas de certos efectos polo ordenamento xurídico.

Agora ben, non so as parellas de feito entendidas como unións heterosexuais ou homosexuais deben recibir protección, hoxe as formas de convivencia exprésanse de maneira plural e existen moitas persoas que optan ou se ven obrigadas, a establecer a súa comunidade de vida con outra ou outras o marxe do matrimonio, para o apoio mutuo, e non definidas polo contido sexual da súa relación (unións constituídas entre parente ou amigos), e que deberán gozar da mesma protección social, económica e xurídica que as unións matrimoniais e as familias por elas orixinadas, ó fin de ter garantido o respecto e a promoción dos principios fundamentais do libro desenrolo da personalidade e da igualdade de tódolos cidadáns.

CONSIDERANDO, que a esixencia constitucional de igualdade e liberdade está dirixida a tódolos poderes públicos, mentres non se promulguen as disposicións legais pertinentes, e sen prexuízo da aplicación analóxica ou dunha interpretación xudicial adecuada a realidade social do presente (Artigos 3 e 4 do Código Civil), podara ofrecerse, incluso no reducido ámbito da Administración Municipal, un instrumento xurídico que asegure a igualdade e garanta e protección social, económica e xurídica das unións non matrimoniais, con independencia da súa orientación sexual, e tamén daquelas non definibles polo trato sexual, constituídas (entre parentes ou amigos) para a convivencia e amparo mutuo.

POR TODO ELO, propono ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte:

ACORDO

1.- Se cree no Concello de Miño un **REXISTRO MUNICIPAL DE UNIÓN LIBRES OU NON MATRIMONIAIS** de carácter administrativo.

En Miño, 24 de maio de 2004.

Asdo. Antonio Cortizas Rodríguez.

Voceiro de Grupo Municipal do PSde G-PSOE de Miño.

Sometida a votación a anterior moción, que foi informada favorablemente, pola Comisión Informativa de Asuntos Xerais, en reunión celebrada o día 11-6-2004; o Pleno do Concello, coa abstención dos cinco membros do grupo PP e o voto favorable do Concelleiro do PSG-PSOE e os seis membros do grupo CIM, que suman sete votos, aproban a mesma no seu propios termos.

11.- RECONVERSIÓN NAVAL.- O concelleiro do PSG-PSOE Sr. Cortizas Rodríguez da lectura ao seguinte escrito: **Don ANTONIO CORTIZAS RODRIGUEZ**, na súa condición de Voceiro do Grupo Municipal Socialista no Concello de Miño, e ó abeiro do disposto nos artigos 91.4 e 97 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais presenta á consideración do Pleno da Corporación a seguinte:

NOCIÓN

TENDO EN CONTA, a reconversión naval aplicada na Comarca de Ferrolterra na década dos 80 e parte dos 90 que supuxo a perda de mais de 11.000 empregos directos, novamente no ano 2004 atopámonos ante outra grave situación diante da posible aplicación dunha nova reconversión no Grupo Izar, e mais no concreto en Izar-Fene e Izar-Ferrol, pola decisión da Unión Europea e do Goberno do Estadio Español, que xera incertezas ó respecto da viabilidade futura do sector naval público en Galicia.

Mentres a nivel mundial a demanda meda notablemente dende 1999, acadándose cifras superiores ás de produción, que mesmo chegan a igualar nos últimos cinco anos ás máximas históricas, España viu reducida a metade a súa cota de participación no mercado das novas construcións mundiais. Se o sector da construción naval ten unha demanda superior á produción, non se pode falar de crise do sector, senón de políticas comerciais e industria inadecuadas.

Convén salientar que o único sector naval público en Galicia, aséntase na Ría de Ferrol, e que indirectamente afecta o desenvolvemento do noso Concello, polo tanto, este sector é de tanta importancia que non se pode permitir ningún novo atranco que poña en perigo o sector ou os postos de traballo, tanto directos como indirectos, nesta comarca.

CONSIDERANDO, que para a recuperación económica e social da comarca e en especial a comarca de Ferrolterra, e evitar a perda de empregos directos e indirectos, compre dar un tratamento integral á industria na Ría de Ferrol (Grupo Izar), coa posta en marcha das capacidades productivas, tanto na industria principal como na industria auxiliar, que aborden fórmulas necesarias para competir en actividades como a construción de buques mercantes, buques militares, plataformas petrolíferas, artefactos off-shore, reparación cívica e militares, grandes transformacións, fabricación de bens de equipo, turbinas e aerogeneradores, e enxeñaría e deseño de produtos innovadores do mercado. Ademais, e paralelamente, é imprescindible fortalecer, incrementar e acelerar a construción de infraestruturas que estimulen a implantación de novas empresas vencelladas a outros sectores económicos.

POR TODO ELO, propono ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte:

ACORDO

Que se demande:

- 1.- Que o Goberno do Estado solicite á Comisión Europea unha moratoria para a devolución das axudas polo tempo que se estime necesario para non comprometer a viabilidade de Izar.
- 2.- Que se redacte un Plano Industrial negociado con tódolos axentes sociais e, de acordo coas Comunidades Autónomas concernidas, que inclúa medidas de carácter empresarial que resolvan o problema de competitividade dos estaleiros e que teña como obxectivos:
 - * Manter tódolos centros de Izar.
 - * Consolidar e, se é posible, tratar de incrementar a capacidade de produción asignada ao Estado Español, e cifrada en 191.500 TBCs.
 - * Intensificar a actividade comercial para conseguir contratos que doten ós estaleiros de carga de traballo.
 - * Permitir que Izar-Fene constrúa barcos, eliminando as prohibicións actuais.
 - * Modificar a estrutura organizativa de Izar de xeito que se conformen complexos integrais de construción naval a escala territorial, nomeadamente entre as dúas factorías da Ría de Ferrol.
 - * Que se fomente por parte do Grupo Izar unha coordinación estable e permanente coa industria auxiliar do sector.
- 3.- Que a Xunta de Galicia defenda firmemente o sector naval público galego, asumindo as competencias necesarias para recuperar in dos sectores industriais fundamentais da economía galega.
- 4.- Que se defenda diante da Unión Europea a extensión das axudas para todo tipo de buques mentres non haxa acordo na OCDE e dure a falta de acordo na Organización Mundial do Comercio (OMC), e negociar a súa aplicación para os estaleiros españois.
- 5.- Que polo Goberno do Estado e pola Xunta de Galicia se acelere a construción de comunicacións viarias e ferroviarias, así como o proceso de dotación de solo industrial na Comarca, que se fomenten e apoiem as iniciativas de diversificación industrial; e que se potencien as relacionadas coa posta en valor do patrimonio do patrimonio histórico-artístico e natural.
- 6.- A proposta do BNG, cuxo concelleiro non está presente se engade si se ten que realizar o peche dalgún dos estaleiros do Grupo Izar, que non sexa o estaleiro de Izar Fene dado que non recibiu ningún tipo de axudas da Unión Europea, o ser penalizado coa prohibición para construír, nas súas instalacións buque tradicionais.

Esta moción foi informada favorablemente pola Comisión Informativa de Asuntos Xerais en reunión celebrada o día 11-06-2004, e o Pleno do Concello acorda por unanimidade súa aprobación no seus propios termos.

12.- MOCIÓNS.- O concelleiro Sr. Cortizas Rodríguez, da lectura ao seguinte escrito: “Antonio Cortizas Rodríguez e Jesús Veiga Sabín, en nome re presentación dos seus respectivos Grupos Municipais Socialista e do Partido Popular, desecamos propoñer a seguinte moción:

Coñecedores da decisión do Sr. Alcalde de cambia-la Secretaría para a planta baixa deste edificio, desecamos expresa-la noca desconformidade con esta medida. Entendemos que o lugar axeitado para esta dependencia é o que ocupa actualmente e que ocupou sempre. O Secretaría é a persoa encargada de coordina-lo traballo dos funcionarios e tamén de asesorar ó Alcalde e ós Concelleiros, e a seu labor será mais efectiva se a desenvolve dende a proximidade a estas persoas.

Por outra banda, a dependencia que se propón na planta baixa non é o lugar mais axeitado para o exercicio do seu traballo nin que a custodia de expedientes e todo tipo de documentos, Xa que pola súa situación é moi accesible e vulnerable a posibles roubos, como xa de demostrou nalgunha ocasión.

Se e que se pretende é unha medida de castigo por presuntas irregularidades ou simples discrepancias, entendemos que a Administración ten outros mecanismos, como é a apertura dun expediente, pero nunca este tipo de medidas, que atentan contra o correcto funcionamento da Administración Municipal e contra a dignidade das persoas, e que vostede está a poñer de moda dende a súa toma de posesión, como xa pasou anteriormente co Encargado de obras e co Tesoureiro.

En consecuencia, propoñemos que se deixe sen efecto esta medida, e que a dependencia de Secretaría continua no lugar que sempre estivo e que está actualmente.

Fdo. Antonio Cortizas y Fdo. Jesús Veiga.

Se somete a votación a urxencia da moción e acordase a mesma por unanimidade, procedéndose á seu debate.

A Presidencia me presenta o seguinte escrito: Pleno 15 de xuño de 2004.-

“Esta Presidencia afirma que en ningún momento pretendeu castigar nin aplicar ningunha sanción encuberta.

O feito e que se pretende organizar as dependencias e os distintos postos de traballo e correspóndelle á Alcaldía tomar a decisión.

Non e algo sancionador, senón que forma parte das competencias da Alcaldía e o que pretendese e que cinco concelleiros do PP poidan ter despacho.”

Con posterioridade toma a palabra o vocal do PP e di que renuncia a dito despacho para el e os seus concelleiros.

O Alcalde di que foi un erro e que quixo referirse aos concelleiros do grupo de goberno, que dende hai un ano están realizando súas funcións e non teñan despacho.

Sometese a votación e fano a favor los cinco concelleiros do PP e o concelleiros do PSOE, en total seis votos e en contra os seis membros da CIM, polo que ao producirse un empate, a tenor do que establece o artigo 100.2 do ROF, se efectúa nova votación, e ao persistir no empate decide o Presidente có seu voto de calidade, quedando desestimada.

O concelleiro Sr. Veiga Sabín, da lectura ao seguinte escrito: “Jesús Veiga Sabín, como portavoz en nome do Partido Popular, propón o Pleno as seguintes nocións:

1. A remates desde mes a Vila de Miño, celebra as festas de San Pedro. Entendemos que o lugar máis axeitado para a súa celebración é o que se veu utilizando habitualmente, é dicir, Rabazal. Pensamos que deste xeito, a xente de Miño

vive mais de cerca e con máis intensidade as súas festas, sobre todo as persoas de mediana e da terceira idade, e tamén a hostalería resultaría beneficiada.

Por este motivo, propoñemos que as Festas de San Pedro se celebren no seu lugar habitual de Rabazal.

A Presidencia somete a votación a urxencia e fano a favor os cinco concelleiros do PP e o concelleiro do PSG-PSOE, en total seis votos, e en contra os seis membros do grupo CIM, e procedese empate e repetida a votación, persiste o empate, decidindo o Presidente có seu voto de calidade, polo que queda desestimada a urxencia.

- O mesmo concelleiro da lectura ao seguinte escrito: Un dos obxectivos da Consellería de Cultura é o mantemento ou a recuperación de certas tradicións que forman parte da nosa cultura. As romarías de San Paio en Bañobre e de San Ramón en Sombreo gozaban non hai moito tempo, dun prestixio e calor popular que se foi perdendo co paso do tempo.

Propoñemos que a Consellería de Cultura faga as xestións oportunas e poña os medios necesarios, ben directamente ou ben a través de concertos con sociedades ou colectivos dos respectivos lugares, para a recuperación destas entrañables romarías.

Fdo. Jesús Veiga Sabín.

Sometese a votación a urxencia e fano a favor os cinco concelleiros do PP e o concelleiro do PSG-PSOE, en total seis votos, e en contra os seis membros do grupo CIM, e procedese empate e repetida a votación, persiste o empate, decidindo o Presidente có seu voto de calidade, polo que queda desestimada a urxencia.

15.- ROGOS E PREGUNTAS.- O concelleiro do PSG-PSOE Sr. Cortizas da lectura ao seguinte rogo: “Que dende a Alcaldía, con relación o cumprimento da Lei 9/2002 de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, onde di “..., é deber de tódolos propietarios manter os seus predios en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade e ornato público,...” se tomen as medidas para realizar os traballos de limpeza dos espazos públicos dependentes do Concello e que non están dentro da concesión da empresa que realiza o servizo de limpeza viaria, ben cos empregados municipais ou como vostede estime mellor e menos gravoso para as arcas municipais.

En Miño, 15 de xuño de 2004.

Asdo. Antonio Cortizas Rodríguez. Voceiro do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE de Miño.

-O Sr. Veiga Sabín sa lectura ao seguinte roga: “ Os días de bo tempo que estamos a gozar provocan unha afluencia masiva ás nosas praias, sobre todo os fin de semana. Por este motivo, rogamos ó Grupo de Goberno que tome as medidas oportunas para apertura e posta en funcionamento dos servizos das praias.

- Na relación de decretos de gastos dos que da conta a Alcaldía comprobamos que se seguen a pagar unhas cantidades que consideramos desproporcionadas en concepto de dietas de desprazamentos tanto do Alcalde como dos Concelleiros do Grupo de Goberno. Por este motivo, rogamos que se nos facilite, o antes posible, una relación destes desprazamentos, indicando a data e o lugar e motivos dos mesmos.

Fdo. Jesús Veiga Sabín.

Pide a palabra o concelleiro Sr. Herva e a Presidencia contesta que non ten a palabra.

-O concelleiro Sr. Cortizas Rodríguez, pregunta: 1.- ¿Cantos son os gastos, da de hoxe, realizados polo Concello para a celebración do 1º Festival das Mariñas, suspendido segundo as súas manifestacións, por motivos que descoñecemos?

A Presidencia indícalle que se lle contestará por escrito.

- O mesmo concelleiro pregunta: ¿Qué honorarios percibiu ou percibirá a sociedade Techos S.L. pola organización do devandito Festival das Mariñas?

A Presidencia indícalle que se lle contestará por escrito.

- O Sr. Veiga Sabín, da lectura as seguintes preguntas:

1.- Entre os Decretos da Alcaldía dos que se dá conta neste Pleno figura o Cese do 3º Tenente Alcalde, o Sr. Purriños Pena. ¿Podíamos explicar cales son as razóns desde cese? ¿Responden a unha crise de goberno ou a unha simple discrepancia? O Sr. Purriños Pena viña ostentando a Presidencia da Comisión de Cultura; ¿Este cese afecta tamén a este cargo, ou a carteira de cultura pasa agora á Concelleira Dª Rosario Manso.

A Presidencia indícalle que se lle contestará por escrito.

2.- Sr. Alcalde, no anterior Pleno Ordinaria preguntámoslle a vostede que ía pasar coa maqueta que se atopa ó fondo desde local, que lva así mais de catro meses, tapada cun plástico negro e agochada detrás duns biombos. Parécenos un disparate que unha obra que custou un 15.000 Euros e que se fixo para a súa exposición, e que non figura debidamente exposta ó público nun lugar máis axeitado. Polo tanto, démonos na obriga de repeti-la pregunta, ¿Qué vai facer coa ditosa maqueta?.

A Presidencia indícalle que se lle contestará por escrito.

3.- Entre os decretos de gastos correspondentes á Feira Cabalar figuran os conceptos lóxicos de premios, trofeos, megafonía, escarapelas, comida participantes e servizo veterinario. Pero sorpréndenos un gasto importante de 4.640 Euros (772.000 das antigas pesetas), abonado a unha empresa denominada "SOCIV ABOR S.L" en concepto de gastos de organización. ¿Podíamos explicar que se inclúen neses gastos de organización, e que labor fixo a mencionada empresa para percibir eses cartos?.

A Presidencia indícalle que se lle contestará por escrito.

4.- No mes de Decembro do pasado ano 2003 as actividades de Nadal celebráronse nunca carpa instalada en Rabazal, e na que figuraba o nome de Concello de Miño. No orzamento municipal, aprobado con posterioridade á montaxe desta carpa, figuraba a cantidade de 30.000 Euros para a adquisición da carpa.

Entre os decretos presentados a este Pleno figura a contratación desta carpa polo procedemento negociado, séndolle adxudicada á empresa Aluminios Noguero polo prezo de 44.300 Euros.

Sr. Alcalde, ben está que fagámo-la vista gorda cando se saca a concurso salgo que xa está adxudicado previamente, pero que esa carpa custase 30.000 Euros no mes de Decembro e agoa se paguen 44.300 parécenos unha tomadura de pelo ¿Podíamos explicar a que se debe este aumento de 14.300 Euros?.

A Presidencia indícalle que se lle contestará por escrito.

O Sr. Cortizas Rodríguez pregunta ¿Poderíanos explicar si haberá festas de San Pedro e cantos días?. O Sr. Alcalde-Presidente contesta que o concelleiro de cultura está organizando esto, explicaremos por qué non se celebra o festival de As Mariñas e espero que a xente o pase moi ben.

Non habendo máis asuntos, a Presidencia levanta a sesión ás vinte e unha horas e quince minutos, redactándose a presente acta, de todo o que, eu o secretario titular, dou fe.

O alcalde,

O secretario,